

Bioloxía do habitat, a esencia da nosa construción

Na procura dun entorno vital san, o sistema **Fogar Natur** aplica os principios da bioloxía do hábitat. Esta disciplina establece os criterios necesarios para crear espazos conectados coa natureza, sostíbeis e de gran beleza.

En **GSM construción natural** ao construír, non só erguemos muros, creamos ecosistemas de vida. Seleccionamos materiais nobres como a madeira, o barro (arxila), a cortiza, a cal e os illamentos de fibras naturais, polo seu baixo impacto ambiental, integrando aspectos ecolóxicos, económicos e sociais para mellorar a túa calidade de vida.

Baseamos o noso traballo nestas pautas fundamentais:

As nosas pautas de calidade

Para facilitar a túa experiencia, dividimos os nosos estándares en cinco piares fundamentais:

Respirar saúde

Buscamos un aire que nutra. Para iso, reducimos substancias contaminantes e garantimos unha ventilación constante con aire fresco.

Controlamos a presenza de alérxenos, fungos e bacterias, ao tempo que minimizamos os campos electromagnéticos para protexer o teu descanso.

A forza da Natureza

A nosa construción prioriza materiais naturais como a madeira, o barro, a cortiza, a cal e os illamentos de fibras naturais, non tóxicos e cunha radioactividade mínima.

Grazas ao uso de materiais higroscópicos, as nosas casas regulan a humidade de xeito autónomo e saudable, mantendo o equilibrio entre o illamento térmico e a capacidade de acumulación de calor.

Deseño biofílico e ergonómico

Construímos espazos ao servizo do ser humano, que estimulan os sentidos a través de formas harmoniosas e unha iluminación próxima ao espectro solar.

Cada proxecto respecta a fisioloxía humana e promove os sistemas construtivos da nosa rexión.

Sustentabilidade e futuro

Construímos hoxe pensando no mañán, minimizamos o consumo enerxético mediante o uso de fontes renovables e materiais con excelente balance ecolóxico.

Protexer a flora, a fauna e os recursos naturais é unha prioridade en cada obra de **GSM construción natural**.

Conexión coa contorna

Entendemos a vivenda como parte dunha comunidade.

Favorecemos unha forma de habitar que satisfaga as necesidades humanas protexendo sempre o medio ambiente e fortalecendo a economía local.